

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

**ASUNTO:** ADXUDICACIÓN DE NICHOS NO CEMITERIO MUNICIPAL. D. ALFREDO GOMES COELHO

**EXPEDIENTE:** 2022/G003/001697

Considerando que, mediante Decreto da alcaldía de 13 de setembro de 2012 (res 645/12), acordouse facer público que, finalizado o procedemento de concesión dos nichos e panteóns do cemiterio municipal, incoado mediante Decreto da alcaldía de 05/03/2012, quedaron libres os nichos que se detallan no citado Decreto, cuxa adxudicación efectuarase coas formalidades previstas no prego de condicións aprobado mediante Resolución da alcaldía de 15 de marzo de 2012 (res 163/12) e no Regulamento do cemiterio municipal, coas particularidades que se detallan no capítulo VII do citado prego, a favor daquelas persoas que así o soliciten, atendéndose ao criterio relativo á orde de entrada no Rexistro xeral do concello de Teo.

Considerando que, con data de 12 e 13 de decembro de 2022, presentouse a solicitude dun nicho no cemiterio municipal por D.<sup>a</sup> Cristina Calvo Penido, Directora/Traballadora Social da residencia 3<sup>a</sup> Edad Nosos Avós S.L, onde se atopaba ingresado D. Alfredo Gomes Coelho, que faleceu o día 12 de decembro de 2022, e para o que se solicita un nicho no cemiterio municipal (Rex. 999, nº de entrada nº 3228, de 12/12/2022, e rex. entrada nº 6748, de 13/12/2022).

Considerando que, de acordo coa documentación aportada, a necesidade de dispor de forma inmediata dun nicho no cemiterio municipal responde a que, tal e como quedou exposto, o falecemento de D. Alfredo Gomes Coelho tivo lugar o 12 de decembro de 2022, téndose previsto proceder a darlle sepultura no día da data, 14 de decembro de 2022.

Considerando que a persona interesada aportou, xunto coa solicitude, a demais documentación esixida ao efecto, agás os certificados de atoparse ao corrente coa facenda estatal e autonómica e coa Seguridade Social, datos que en todo caso foron comprobados de oficio polo Concello de Teo.

Considerando que, segundo a cláusula 1 do Prego de condicións da concesión de nichos e panteóns do Cemiterio Municipal de Teo, os nichos integrados nos panteóns 76 a 80, ambos incluídos, do bloque 2, un total de 15, resérvanse para atender situacións de emerxencia social que poidan xurdir, conforme ao previsto na cláusula 19 do citado Prego, nichos que, no día da data, non están en condicións de ser utilizados para unha inhumación, razón pola cal é preciso adjudicar outro dos non reservados para esta finalidade.

Considerando que no capítulo VI do Prego de condicións da concesión de nichos e panteóns do Cemiterio Municipal de Teo, integrado pola cláusula 19, se regula a concesión de nichos en situacións de emerxencia social.

Considerando que, segundo a cláusula citada:

**“19. Emerxencia social.**

*19.1.- Tal e como se recolle na cláusula 1 do presente prego, dos nichos e panteóns existentes no cemiterio municipal, os 15 nichos sitos nos panteóns 76 a 80, ambos incluídos, do bloque 2, resérvanse para atender situacións de emerxencia social.*

*19.2.- Conceptualización.*

*A estes efectos e para o outorgamento destes nichos, considéranse situacións de emerxencia social aquelas defuncións de persoas sen medios económicos acreditados para afrontar o gasto correspondente ou outorgamento dun nicho, xa sexa directamente pola persoa interesada ou a través dun seguro por deceso.*

*A acreditación da ausencia de medios precisos para obter un nicho pola vía da emerxencia social, verificarase tanto en relación á persoa falecida como a aquelas vinculadas a ela que presenten obrigas legalmente establecidas. Igualmente, deberá quedar constancia de que non existen outras entidades con obriga de asunción deste gasto.*

*Os servizos sociais municipais deberán informar as circunstancias alegadas, dando conta da posible situación socioeconómica carencial propia e das persoas obrigadas*

*legalmente, e, no seu caso, da falta de rede de apoio social efectivo que permita habilitar medio algún alternativo a esta opción.*

#### 19.3.- Requisito de empadramento.

*A estes efectos haberá que ter en conta o cumprimento do requisito previsto no presente e no regulamento de estar empadroado no concello de Teo.*

*Naqueles casos nos que se produzan falecementos dentro do termo municipal de persoas non empadroadas no concello, a administración municipal a través dos seus servizos realizará todas as actuacións precisas para verificar a existencia ou non de medios económicos acreditados para afrontar o gasto correspondente á concesión de dun nicho, procedéndose no seu caso conforme ao previsto na normativa vixente en materia de saúde pública e demais normativa aplicable.*

#### 19.4.- Tramitación.

*De forma xeral a propia persoa interesada ou aquela/s persoa/s vinculada/s a esta, anticipando a situación, presentarán unha solicitude a estes efectos. Así mesmo, achegarán a documentación pertinente para acreditar as circunstancias alegadas e atenderán aos requirimentos formulados polos servizos sociais municipais, a fin de facer efectiva a comprobación destas.*

*Producido o falecemento a documentación á que se refire o parágrafo anterior poderá ser presentada pola/s persoa/s vinculada/s á persoa falecida.*

*En casos extraordinarios, cando a situación de falecemento xa teña acontecido e non exista persoa vinculada que inste esta solicitude, a administración local poderá actuar de oficio, instando a consideración da situación de emerxencia social para atender unha circunstancia da que teña coñecemento por medio doutras institucións ou dos propios servizos municipais.*

*Tendo en conta a necesidade de actuar con celeridade nestas situacións e a posible dificultade para conquistar toda a documentación pertinente para achegar ao expediente que se conforme a este efecto, o concello de Teo poderá exercer as actuacións pertinentes para resarcirse do gasto ocasionado si con posterioridade á concesión do nicho, a través da estimación dunha situación de emerxencia social, ten coñecemento*

*de que non se cumprían todos os requisitos necesarios para a estimación desta, por existir medios propios para afrontar este gasto, familiares ou entidades legalmente obrigadas.*

Visto o informe da traballadora social, do 12 de decembro de 2022, no que se conclúe que ante “a situación exposta e conforme ao recollido nos apartados anteriores, as circunstancias comprobadas determinan a falta de capacidade da persoa interesada, así como de outras obrigadas legalmente a facer fronte aos gastos relacionados co acceso a un nicho no Cemiterio Muncial do concello de Teo, polo que se propón a concesión dun nicho dos reservados para situación de emerxencia social”.

Vista a proposta de asignación concreta de nichos, do 12 de decembro de 2022, incorporada ao expediente.

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire a normativa vixente,

**RESOLVO:**

**Primeiro.-** Autorizar que se proceda a dar sepultura a D. Alfredo Gomes Coelho no nicho 31 A do bloque 2 con arranxo ao prego de condicións aprobado mediante Decreto da Alcaldía do 15 de marzo de 2012, ao Regulamento do cemiterio municipal e demais normativa aplicable.

**Segundo.-** Notificar o presente ás persoas interesadas, con sinalamento dos recursos procedentes.

**Terceiro.-** Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que celebre.

Teo, asinado, polas persoas que se detallan a continuación, na data da sinatura dixital que figura na marxe.

O alcalde,

A secretaria xeral, que dou fe

Rafael C. Sisto Edreira

Virginia Fraga Díaz